

SOBRE A POLÉMICA DAS TERRAZAS

Ante a polémica xurdida nas últimas datas en relación ás terrazas dos bares, a Agrupación de Electores de Redondela quere facer unhas puntualizacións e aclaracións.

En primeiro lugar, **a actual ordenanza municipal de terrazas foi aprobada cos votos de PP e PSOE. AER votou en contra.** Esta ordenanza non se está a cumprir porque non se pode cumprir, xa que está mal feita. E nunca se vai cumprir, co cal o PP pode seguir o vello costume de vender favores e deixar facer se estás caladiño, ou de actuar se es malo ou se te denuncia un veciño. Non esquezamos que quen goberna no Concello é o PP e **é o PP quen concede ou non concede os permisos para a colocación das terrazas.**

Dende que chegou ao Concello, **AER denunciou a situación irregular, ilegal e inxusta de moitas terrazas**, xa que moitas delas non cumprían o establecido no permiso, non pagaban por todo tempo que estaban colocadas (algunhas incluso non pagaban nada) ou facían unha ocupación excesiva dos espazos públicos. Como existía unha normativa que case ninguén cumpría, pedimos unha normativa para que se cumprise. Traballamos para que fose razoable, pero o concelleiro de Interior sacou a que lle deu a gana; unha ordenanza dende o noso punto de vista incumprible, absurda e irrazoable, polo que votamos en contra:

- Trouxeron unha ordenanza copiada literalmente da de Vigo, tentando colar como proposta propia.
- A pesares de tardar 9 meses en facer a redacción final, non se remitiu a copia que se levou ao pleno á Federación de Asociacións de Veciños e Consumidores de Redondela, membros da Mesa Local de Comercio.
- As contas para as mesas autorizables eran un despropósito, en moitos casos daban cantidades irrisorias. Tamén se beneficia aos locais de moita fachada e non aos de gran superficie, en contradición do principio de que as terrazas deben ser un complemento do negocio principal.
- Deixábase manga ancha á concesión de “permisos especiais”..
- A ordenanza non cumpría a Lei de Accesibilidade e de Supresión de Barreiras.
- Deixamos ben claro no pleno que **non serían capaces de facer cumprir esta ordenanza.**

Decidimos deixar que pasara o verán e non meternos, aínda que o ruxe ruxe meteunos no asunto; pero os que nos meteron tiveron que sacar a zoca cando lle presentamos aos hostaleiros a acta do pleno. Ademais, o goberno local modificou as normas por vía telefónica, é dicir, “ti fai que nós facemos a vista gorda”.

AER non está en contra das terrazas, de feito, somos grandes usuari@s delas. AER o que quere é un uso racional: debe haber sitio nas prazas para algo máis que para as terrazas, debe deixarse un paso axeitado para os peóns, debe deixarse sitio suficiente para a entrada nas vivendas e non debe entorpecerse nin o descanso dos veciños nin a actividade doutros

negocios. Todas estas cousas non se cumprían e seguen sen cumprirse, incluso coa nova ordenanza; polo tanto AER vai pedir a comparecencia do concelleiro de Interior no vindeiro pleno para que explique como a está aplicando.